

CERTIFICACIÓN

A secretaria, Patricia Sánchez Castelo, agás erro ou omisión involuntaria,

CERTIFICO:

Que o Pleno da Corporación do Concello de Rianxo, en sesión extraordinaria do xoves 13 de xullo de 2023, aprobou o seguinte ACORDO:

13 PROPOSTA DA ALCALDÍA DA CREACIÓN MESA PERMANENTE DE CONTRATACIÓN 2023 PLENO

Dáse lectura da proposta presentada:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Este concello ven a tramitar diversas licitacións onde estima convinte a existencia dunha mesa de contratación.

Nos pregos de cláusulas administrativas particulares sóese recoller a composición da mesa de contratación nos casos en que é preceptiva e incluso, na maior parte das veces cando non é preceptiva xa que permite o coñecemento por parte dun órgano distinto ao órgano de contratación de todo o proceso,

Considerando o nomeamento dos membros da mesa de contratación poderá facerse con carácter permanente ou de xeito específico para cada licitación. No caso da mesa permanente debe publicarse a súa composición no perfil do contratante e no Boletín oficial da provincia.

Estimándose de interese a existencia dunha mesa de contratación de carácter permanente neste concello para aqueles procesos de licitación nos que sexa preceptivo e en aqueles en que sendo potestativa se acorde que exista (vía pregos ou acordo do órgano de contratación).

A Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector na Disposición Adicional 2ª na que recolle:

7.A Mesa de contratación estará presidida por un membro da Corporación ou un funcionario da mesma, e formarán parte dela, como vogais, o Secretario ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico, e o Interventor, ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuídas a función de control económico-orzamentario, así como aquel outros que se designen polo órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da Corporación, ou membros electos da mesma, sen que o seu número, en total, sexa inferior a tres. Os membros electos que, no seu caso, formen parte da Mesa de contratación non poderán

supoñer máis dun terzo do total de membros da mesma. Actuará como Secretario un funcionario da Corporación.

En ningún caso poderá formar parte das Mesas de contratación nin emitir informes de valoración das ofertas, persoal eventual. Poderá formar parte da Mesa persoal funcionario interino unicamente cando non existan funcionarios de carreira suficientemente cualificados e así se acredite no expediente.

A composición da Mesa publicárase no perfil de contratante do órgano de contratación correspondente. Poderanse constituír Mesas de Contratación permanentes.

Tendo en conta que a competencia para o nomeamento da mesa de contratación a detenta o órgano con competencia para adxudicar conforme á normativa vixente na Disposición Adicional 2ª Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector e o Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, no que non contradiga o disposto na Lei 9/2017 .

Comprometéndose esta Alcaldía en caso de aprobar esta mesa permanente que a mesma composición salvo a presidencia que non a pode ostentar o órgano de contratación aprobarase por resolución de Alcaldía para os procesos licitatorios nos que a Alcaldía sexa o órgano de contratación

Esta Alcaldía, propón o pleno a seguinte proposta :

PRIMEIRO

Respecto dos procesos licitatorios nos que sexa preceptivo e nas que o Pleno sexa o órgano competente para adxudicar determinase a existencia dunha mesa permanente de contratación cuxa composición é a seguinte:

- ✓ Presidente da Mesa o Alcalde do Concello, 1º suplente Primeira Tenente de Alcalde , 2º suplente 2º Tenente alcalde
- ✓ A Secretaria municipal que actuará como Vogal ou funcionaria que actúe como secretaria accidental.
- ✓ A Interventora municipal, que actuará como Vogal ou funcionaria que actúe como interventora accidental.
- ✓ Técnico municipal da area do contrato ou quen expresamente se nomee nas PCAP
- ✓ A secretaria da mesa, que actuará con voz pero sen voto funcionaria Técnico Administración Xeral do departamento de secretaria, suplente calquera outro funcionario/a da corporación de Rianxo.

SEGUNDO

Publicar esta composición no perfil do contratante para futuras licitacións unha vez se publique asemade no BOP. Dar traslado de este acordo aos compoñentes da mesa de contratación

Ábrese unha quenda de debate e sometese a votación

O pleno da corporación, ACORDA por unanimidade dos 17 membros presentes, dos 17 que a constitúen, APROBAR **a proposta** nos termos desta.

E para que conste, asino este certificado, coas limitacións do establecido no artigo 206 do RD 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento, organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, co visto e prace do alcalde.

Rianxo, venres 21 de xullo de 2023

A secretaria, Patricia Sánchez Castelo

O alcalde, Julián Bustelo Abuín